# INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN DE EMPRESAS
## Curso Académico: 2013-2014

**Aprobado por:**

- Comisión Académica do MDE (Máster Universitario en Dirección de Empresas) da USC (29/10/2014)
- Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago da USC (30/10/2014)
- Xunta de Facultade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo da USC (30/10/2014)

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Dirección de Empresas |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | 4311754 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Universidade solicitante | Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela<br>- Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo |
| Centro onde se imparte o título | - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela<br>- Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | |
| Responsable do título | - Emilio Ruzo Sanmartín (Santiago)<br>- Mª Ángeles López Cabarcos (Lugo) |
| Correo electrónico do responsable do título | emilio.ruzo@usc.es<br>angeles.lopez.cabarcos@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009-2010 |
| Data última acreditación | 29/07/2009 |
| Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento | Comisión Académica do Máster Universitario en Dirección de Empresas |
| Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento | - Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais<br>- Xunta de Facultade de Administración e Dirección de Empresas |

| 2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS | |
|---|---|
| **Información pública** | **Páxina web da Universidade/Centro/Título…** |
| Denominación do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Número de créditos e duración do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#plan<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#plan |
| Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/index.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/ |
| Coordinador/a e/ou responsable do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Centro/s onde se imparte o título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/index.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/ |
| No caso de títulos interuni-versitarios, universidade coordinadora e universidad/es participante/s | |
| Tipo de ensinanza | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Número de prazas de novo ingreso ofertadas | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |

| | |
|---|---|
| Idiomas en que se imparte o título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Saídas profesionais/ Profesións regu-ladas para as que capacita/ Perfil de egreso | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#obxectivos<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#obxectivos |
| Normativa de permanencia | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#plan<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#plan |
| Memoria vixente do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Obxectivos do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#obxectivos<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#obxectivos |
| Competencias xerais | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#obxectivos<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#obxectivos |
| Competencias específicas | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#obxectivos<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#obxectivos |

| | |
|---|---|
| Criterios de acceso e admisión | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |
| Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modules/destacados/news_0005.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/GuiaAcollidaNovEstud.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |
| Plan de acción titorial | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Perfil de ingreso recomendado | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |
| Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |
| Programas de mobilidade | Portal internacional da USC:<br>http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/index.html<br><br>Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br><br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe[1] | |

| | |
|---|---|
| Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#oferta<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#oferta |
| Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#plan<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#plan |
| Horarios | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#plan<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/guiacurso14-15.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#plan |
| Guías docentes/Programación docente[2] | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#plan<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#plan |
| Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.) | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/TFM_MBA.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/tfm.html |
| Información sobre as práctivas externas, se as houbera (entidades colaboradoras, …) | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/materia.html?materia=87936&ano=65<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/materia.html?materia=87937&ano=65 |

| | |
|---|---|
| Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto... ) | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#info<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9 |
| Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/unidade_administrativa.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/persoal.html |
| Aulas e seminarios | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html |
| Laboratorios | |
| Salas de informática | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html |
| Salas de estudo | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/Biblioteca/index.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html<br>- https://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/intcentroslugo/ |
| Biblioteca | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/Biblioteca/index.html<br>Lugo:<br>- https://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/intcentroslugo/ |
| Outros servizos dispoñibles | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/servizos.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/servizos.html<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html |
| Espazos para os representantes de estudantes | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html |

| | |
|---|---|
| Taxa de graduación | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Taxa de abandono | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Taxa de eficiencia | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Taxa de rendemento | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Taxa de éxito | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Taxas de inserción laboral | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulacions.html?plan=13078&estudio=13079&codEstudio=12677&valor=9#outra_informacion<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/titulacions.html?plan=13418&estudio=13419&codEstudio=12995&valor=9#outra_informacion |
| Outras taxas/resultados complementa-rias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia) | http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html |

| | |
|---|---|
| Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/Calidade.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeV01.html |
| Política e obxectivos de calidade | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/Calidade.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeV01.html |
| Manual e procedementos do SGC | Santiago:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/Calidade.html<br>Lugo:<br>- http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeV01.html |

[1] **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

[2] **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte**.

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 1. Descrición do título

*Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**[3]

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN01M-PC-05 | Prazas ofertadas | ***28,74*** | **46,00** | 23,00 | 23,00 |
| IN03M-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | ***20,54*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |
| IN04M-PC-05 | Matrícula de inicio de estudos | ***20,33*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |

**EVIDENCIAS PROPOSTAS DE MELLORA:**

- 11 alumnos estranxeiros procedentes de convenios bilaterais foron reenviados a Lugo para a súa martrícula.

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Non se produciron cambios significativos respecto do recollido na memoria. En particular:

-O número de prazas de novo ingreso ofertadas continúa sendo o contemplado na memoria (40 prazas repartidas equitativamente entre os dous campus). Cubríronse totalmente ditas prazas no primeiro período, e tamén as prazas destinadas a estranxeiros (6 prazas repartidas entre os dous campus), sen quedar vacantes, aínda que posteriormente tivo lugar o desestimento dalgúns alumnos admitidos. Aínda así, a matrícula final é moi superior á media da USC para os másteres oficiais, e en cada campus individualmente tamén se aproxima a dito número medio. Non se suscita a curto prazo a ampliación do número, porque implicaría a creación de grupos, co consiguiente aumento de necesidades docentes, imposibles de satisfacer coas actuais restriccións orzamentarais.

-Respecto das linguas utilizadas no proceso formativo, continúan a ser Galego e Castelán en ambos campus, tal como se recollía na memoria, e segue ofertándose un grupo optativo en Inglés no campus de Lugo, coa súa implantación en dúas asignaturas.

-O tipo de ensino continúa sendo presencial, co apoio do campus virtual que ofrece a Universidade de Santiago en todas as materias do Máster, de xeito que o seu uso complementa de forma notable as actividades do aula.

Neste criterio non se aprecian diferenzas significativas entre ambos campus.

**BOAS PRÁCTICAS**[4]

-Mantemento actualizado da información relativa ao máster (sistema de acceso, horarios, aulas, etc.) na páxina institucional dos centros por parte do persoal de administración.

-Homoxeneización da información relativa ao máster proporcionada nos dous campus.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AM1** -Continuar co proceso de canalizar as preinscripcións de alumnos estranxeiros excedentes no campus de Santiago cara ao campus de Lugo.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

---

[3] **Niveis de valoración:**

* **Satisfactorio (A)**: existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

* **Suficiente (B)**: existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recurrente e ordenada, ainda que existan aspectos secundarios non contemplados.

* **Insuficiente (C)**: existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

* **Ausencia de evidencias documentais (D)**: non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

[4] **Enténdese por boa práctica**: proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumple as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectivade dos recursos...).

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO |
|---|

**2. Xustificación**

*Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN03M-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | ***20,54*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |
| IN04M-PC-05 | Matrícula de inicio de estudos | ***20,33*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |
| IN05M-PC-05 | Variación da matrícula de inicio de estudos | ***-3,30*** | **-13,95** | -16,67 | -10,53 |
| IN12M-PC-05 | Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas | ***64,69*** | **80,43** | 86,96 | 73,91 |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O Máster Universitario en Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela responde a unha demanda existente, como se pode observar, xa que continua unha importante afluencia de preinscripcions en relación ás prazas ofertadas (76 preinscripcións, o que supón un 165,22%) ademais de un gran número de contactos interesándose por el, atendidos polos Coordinadores, a Oficina de Información ao Estudante e a Oficina de Relacións Exteriores, entre outros. Este indicador ademais representa unha porcentaxe do 80,43%, moi superior á media dos masters da USC (64,69%), o que indica unha plena xustificación desta titulación no contexto da oferta de titulacions de masters oficiais da USC en ambos campus, onde individualmente tamén se supera a media da USC.

A finalidade do Máster Universitario en Dirección de Empresas é proporcionar ao alumnado unha formación avanzada de carácter académico especializada e multidisciplinar. En concreto, trátase de dotar ao alumnado das competencias directivas máis relevantes, proporcionándolle unha visión global e integradora das áreas funcionais da empresa, tanto dende unha perspectiva teórica como aplicada. E todo iso para dar resposta a unha contorna crecientemente cambiante e globalizada, que demanda titulados con capacidade para a dirección de empresas flexibles e innovadoras, así como coas competencias necesarias para o desenvolvemento dun proxecto de natureza empresarial. Isto, que considerabamos importante no momento da creación do Máster, volveuse agora perentorio, porque orienta a algúns alumnos cara ao emprendimiento e porque aporta ás empresas da nosa contorna persoal especializado, tan necesario en momentos de crise económica.

A este respecto, observamos que a orientación principalmente escollida polos estudantes é a profesional, e iso levounos a unha política continuada de establecemento de novos convenios de colaboración con empresas de entidade, organización e proximidade, axeitadas para proporcionar a experiencia práctica que os nosos alumnos precisan (o campus de Santiago conta con 35 convenios activos con empresas e o campus de Lugo con 28).

Os responsables do título consideran que a xustificación do título presentada é satisfactoria, tanto globalmente como nos dous campus. Ningún feito diminúe o nivel de xustificación da titulación, e incluso pódese dicir que na conxuntura actual incrementa a relevancia destes estudos e a súa necesidade. Adicionalmente, neste último curso arredor dun 20% dos estudantes que fixeron prácticas en empresas en cada campus continuaron a súa relación coa empresa utilizando diferentes modalidades contractuais, o que reforza aínda máis a xustificación deste título nestes momentos de grave crise económica.

**BOAS PRÁCTICAS**

-Política continuada de establecemento de novos convenios de colaboración con empresas e institucións, axeitadas para proporcionar a experiencia práctica que os nosos estudantes precisan.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AM2** –Desenvolvemento de iniciativas orientadas a incrementar a involucración das empresas na planificación e seguimento das prácticas, co obxectivo de incrementar a adecuación entre as demandas das empresas e a oferta de contidos a recibir polos futuros titulados da universidade.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **3. Competencias** | | | | | | | |
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |

**EVIDENCIAS PROPOSTAS DE MELLORA:**

LISTADO DE ACTIVIDADES REALIZADAS CURSO 2013/14:

CAMPUS DE SANTIAGO:

- 04/11/2013: Semana do cooperativismo na USC (Xunta de Galicia).
- 17/02/2014: Obradoiro de elaboración de TFG / TFM en galego (USC).
- 20/02/2014: Curso de Marketing Digital (Google / IAB Spain).
- 30/04/2014: Programa ARGOS – II edición (USC – UNINOVA).
- 06/07/2014: Programa CompetexGalicia (Fundación Barrié de la Maza).
- 14/07/2014: Curso de verano Avaliación e Financiamento de Novos Proxectos (USC).
- 17/07/2014: Seminario Diseña tu Modelo de Negocio (ESCUELA DE NEGOCIOS NOVA CAIXA GALICIA).

CAMPUS DE LUGO:

- 27/09/2013: Conferencia: La relevancia de la dirección de operaciones (Adolfo Campos Vázquez. Consejero Delegado de NUCAMSA).
- 03/10/2013: Conferencia: La globalización de las operaciones (Javier Piñeiro Lamas. Consultor de empresas).
- 07/10/2013: Conferencia: La gestión de personas en empresas del tercer sector. La gestión de la diversidad cultural (Cristina Conde García. Directora Financiera de Proyectos de Cooperación CESIE - Centro Studi ed Iniziative Europeo (Palermo).
- 10/10/2013: Conferencia: Desarrollo de nuevos productos (Juan Méndez Dónega. Director del Aula de Productos Lácteos de la USC. Socio de INNOLACT).
- 17/10/2013: Visita a empresa: Gestión de la Calidad (Ingapan-Kentes. Susana Rodil. Responsable de Calidad).
- 31/10/2013: Visita a empresa: Sistema Justo a Tiempo en el sector de la alimentación. Torre de Núñez (Ana Núñez. Miembro del Consejo de Administración).
- 07/11/2013: Conferencia: Gestión de la cadena de suministro (plataformas logísticas on-line. (Ignacio López Millán. Programador informático).
- 16/12/2013: Conferencia: Gestores de relaciones con clientes (María Muñoz Pardo. Departamento de Marketing de Oracle Londres).
- 13-19/02/2014: Taller de Excel avanzado (Jorge García López).
- 26/02/2014: Jornada sobre el TFM y el acceso al doctorado.

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Respecto ao logro das competencias específicas, xerais e transversais que recolle a Memoria, ademais da avaliación que se realiza en cada materia e, en particular, do Traballo Fin de Máster, a súa consecución é avaliada pola Comisión de xeito indirecto: mediante os informes remitidos polos titores das empresas nas que os alumnos fixeron as prácticas. Todas estas evidencias, como se recolle nas correspondentes actas e como se pode inferir a partir dos criterios posteriores deste informe (taxas de rendemento, taxas de éxito), apuntan a que o Máster proporciona un nivel axeitado das competencias desexadas aos seus alumnos nos dous campus nos que se imparte. En todo caso, estamos convencidos que só mediante o estudo da inserción laboral poderá completarse a valoración desexada. Neste sentido esperamos que a ampliación do estudo da inserción laboral que efectúa a ACSUG ata abarcar os Másters permitirá dispoñer nos próximos cursos da información correspondente.

| |
|---|
| **BOAS PRÁCTICAS**<br>-Participación en seminarios, conferencias e charlas-debate, tanto dentro coma fóra do eido da propia Universidade, sobre temáticas complementarias ás materias do Máster impartidos por profesionais dirixidas a complementar a adquisición de competencias. |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>**AM3** -Desenvolvemento de actividades complementarias prácticas (cursos, talleres... ) orientados á adquisición de competencias transversais de interese para os futuros egresados. |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:** |

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 4. Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN01M-PC-05 | Prazas ofertadas | ***28,74*** | **46,00** | 23,00 | 23,00 |
| IN02M-PC-05 | Matrícula | ***23,94*** | **65,00** | 32,00 | 33,00 |
| IN03M-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | ***20,54*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |
| IN04M-PC-05 | Matrícula de inicio de estudos | ***20,33*** | **37,00** | 20,00 | 17,00 |
| IN05M-PC-05 | Variación da matrícula de inicio de estudos | ***-3,30*** | **-13,95** | -16,67 | -10,53 |
| IN08M-PC-05 | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | ***6,85*** | **13,85** | 21,88 | 6,06 |
| IN09M-PC-05 | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | ***8,94*** | **3,08** | 3,13 | 3,03 |
| IN12M-PC-05 | Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas | ***64,69*** | **80,43** | 86,96 | 73,91 |

**EVIDENCIAS PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Acta Comisión Académica Ordinaria do Máster en Dirección de Empresas (23/09/2013): Aprobación de Criterios para a admisión de Erasmus (punto 3).

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

De forma previa ao comezo do curso, os alumnos dispuxeron na páxina web da USC de información sobre horarios, calendarios de exames, programas e programas das materias. Non se editaron para este curso dípticos informativos nin carteis, nin se difundiu en prensa, polas restriccións orzamentarias. A USC fíxoo conxuntamente para toda a súa oferta de Másters.

Con todo iso logrouse que o Máster gozase de demanda suficiente nos dous campus para cubrir a súa oferta sen problemas, de maneira que alcanzou unha preinscripción de case o dobre sobre as prazas ofertadas (76 preinscripcións, o que supón un 165,22%). Tamén se cubriron máis da metade das prazas destinadas a alumnos estranxeiros (4 no campus de Santiago e 1 no campus de Lugo). Sen embargo, aínda qeu se cubriron totalmente ditas prazas no primeiro período, sen quedar vacantes, posteriormente tivo lugar o desestimento dalgúns alumnos admitidos.

Os datos de preinscripción e matrícula son os que se mostran a continuación:

- Matrícula: Santiago 20 e Lugo 17.

- Preinscripción: Santiago 44 (25 Nacionais e 19 Estranxeiros) e Lugo 32 (24 Nacionais e 8 Estranxeiros)

O resto de indicadores relativos á procedencia e ás notas de acceso mostran valores superiores á media da USC, aínda que presentan marxe de mellora, de aí a valoración de suficiente neste criterio tanto globalmente como en ambos campus. Coa finalidade de mellorar os indicadores obtidos plantéxanse accións de mellora.

**BOAS PRÁCTICAS**

Neste curso adiantouse o proceso de admisión e matrícula ao mes de agosto, de forma que se puido completar o proceso de admisión e matrícula antes do inicio das clases. Asemade, púidose aproveitar o tempo que vai desde o inicio do curso ata o inicio das clases para a acolleita dos estudantes, presentación de espazos, servizos, etc.

Para os estudantes de incorporación tardía ao Máster e que así o requiran, facilitarase o seguimento do Módulo Preparatorio por parte destes estudantes coa finalidade de que a súa incorporación teña lugar do xeito máis axeitado posible.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AM4** -Promocionar o Máster entre os estudantes dos últimos cursos da Universidade.

**AM5** -Promocionar o Máster para aqueles estudantes (de intercambio ou non) que cursan exclusivamente un único semestre.

| |
|---|
| **AM6** -Realizar xornada de acollida dos estudantes e presentación da metodoloxía a seguir para a impartición do Máster.<br><br>**AM7** -Utilización da figura do antiguo estudante do Máster como titor dos novos estudantes, co obxectivo de orientar e servir de apoio a os novos estudantes ao longo de todo o curso académico. |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:** |

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

**5. Planificación das ensinanzas**

*Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Planificación da ensinanza" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN08M-PC-05 | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | ***6,85*** | **13,85** | 21,88 | 6,06 |
| IN09M-PC-05 | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | ***8,94*** | **3,08** | 3,13 | 3,03 |
| IN12M-PC-05 | Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas | ***64,69*** | **80,43** | 86,96 | 73,91 |
| IN17M-PC-08 | Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados | ***0,44*** | **1,54** | 3,13 | 0,00 |
| IN18M-PC-08 | Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados | ***2,91*** | **41,54** | 46,88 | 36,36 |
| IN22M-PC-09 | Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións | ***88,28*** | **75,86** | 73,33 | 100,00 |
| IN46M-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | ***3,86*** | **nd** | 3,95 | 3,86 |
| IN47M-S01-PM-01 | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | ***3,97*** | **nd** | 4,44 | 4,26 |
| IXA-M04 | Porcentaxe de actas fóra de prazo | ***22,30*** | **12,50** | 14,29 | 10,71 |

**EVIDENCIAS PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Acta Comisión Académica Ordinaria do Máster en Dirección de Empresas (11/12/2013): Aprobación do Regulamento do Traballo de Fin de Máster en Dirección de Empresas (punto 4).
- LISTADO DE CONVENIOS NOVOS CURSO 2013/14:

  CAMPUS DE SANTIAGO: 7 CONVENIOS NOVOS

  - MOONOFF
  - HORNOS DE LAMASTELLE SA
  - GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL
  - LEROY MERLIN ESPAÑA, S.L.U.
  - LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.
  - PETRILLA TECH SL
  - PRIORITY MARKETING SPAIN SL

  CAMPUS DE LUGO: 4 CONVENIOS NOVOS

  - RODAMIENTOS JOSMAR S.L.
  - HOST EUROPE IBERIA S.L.
  - INGAPAN GRUPO S.L.
  - MINERA CARAVELI S.A.C.

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A planificación da actividade docente (elaboración, aprobación e publicación do PDA, do POD e da programación das materias) levouse a cabo segundo o establecido no SGIC. As asignaturas obrigatorias e optativas, así como o módulo preparatorio, discorreron sen contratiempos, observándose un bo nivel no cumprimento de programas e obxectivos docentes. A programación docente estivo dispoñible desde o primeiro momento e usouse o Campus Virtual para a difusión de información e material de apoio, así como para a recepción das tarefas propostas, nas asignaturas.

Respecto das Prácticas en Empresas, no presente curso académico novamente formalizáronse convenios de colaboración con empresas adicionais, logrando taxas superiores ás fixadas na memoria, o que permitiu realizar prácticas ao 70% dos estudantes do campus de Santiago (anos anteriores: 85%, 87,5% e 70%; proposto na memoria: 35%) e ao

72% dos alumnos do campus de Lugo (anos anteriores: 94,7%, 60% e 57,9%; proposto na memoria 50%). Tanto os informes das empresas de acolleita como as memorias elaboradas polos alumnos, revelan un alto nivel de satisfacción por ambas partes, aportando en todos os casos valoracións de notable ou sobresaliente. Isto supón un 73% de alumnos que realizaron prácticas en empresas sobre o total de estudantes que cursaron o título, porcentaxe superior á media da USC nos títulos de máster.

Respecto de os Traballos Fin de Máster, en Santiago, dos 31 alumnos matriculados, presentáronse con éxito 14 traballos (no curso anterior 18), quedando pendente a terminación dos 17 restantes (no curso anterior 18 pendentes) e en Lugo dos 31 alumnos matriculados presentáronse con éxito 9 traballos (no curso anterior 11), quedando pendentes os 22 restantes (no curso anterior 21 pendentes). Débese constatar que o número de alumnos restantes pendentes de terminación do TFM correspóndense ao número acumulado das edicións anteriores do Máster.

Finalmente, o grado de satisfacción dos estudantes (3.95 en Santiago e 3.86 en Lugo sobre 5.00), e do profesorado (4.44 en Santiago e 4.26 en Lugo sobre 5.00) alcanzou niveis axeitados e superiores á media da USC para este tipo de estudos. Do mesmo xeito, obtéñense mellores resultados, tanto individualmente nos dous campus como globalmente no título, en canto ás actas presentadas fóra de prazo, porcentaxe significativamente inferior á media da USC para os títulos de máster.

Por todo o anterior, os responsables do título valoran, para ambos campus, como suficiente o grado de cumprimento deste criterio.

**BOAS PRÁCTICAS**

-Emprego da plataforma virtual didáctica institucional (Moodle).

-Fijación de horarios en bloque sen ocos en horario exclusivo de tarde.

-Explicar as opcións ás que da acceso o Máster pola súa natureza oficial, especialmente, os Programas de Doutoramento, vínculandoos á realización dos TFM.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AM8** -Para promover o incremento do número de TFM presentados ao final do curso, adiantar a asignación de temas e titores ao mes de novembro, de xeito que se consiga o inicio efectivo dos traballos fin de master, así como as prácticas en empresas dentro do segundo semestre, coa finalidade de poñer á disposición do alumno máis tempo a finais do segundo semestre e facilitar así o remate do TFM. Todo elo para facer diminuír o número de TFM non presentados.

**AM9** -Para incrementar o grado de formalización na planificación das ensinanzas, procurarase promover para todas as materias a elaboración e publicación no campus virtual das guías docentes detalladas.

**AM10** -Para incrementar entre os estudantes tanto a utilización do campus virtual como o nivel de satisfacción con dita utilizacion, promoverase a estandarización da información e contidos a proporcionar mediante o campus virtual por parte das diferentes materias.

**AM11** -Continuar a procura e selección de empresas coas que establecer convenios de colaboración, pois constatouse, entre os alumnos, unha predilección crecente pola orientación profesional, á vez que se incrementa a dificultade en conseguilo, ao observar un descenso nas empresas dispostas a colaborar, como consecuencia da contorna económica.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 6. Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN24M-PS-01 | Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título | ***73,30*** | **33,33** | 36,84 | 27,27 |
| IN25M-PS-01 | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total | ***93,32*** | **76,67** | 84,21 | 63,64 |
| IN26M-PS-01 | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total | ***74,25*** | **60,00** | 57,89 | 63,64 |
| IN30M-PS-01 | Ratio de estudantes por profesor a tempo completo | ***1,19*** | **2,32** | 1,89 | 3,30 |
| IN31M-PS-01 | Media de alumnos por grupo de teoría | ***11,38*** | **11,79** | 12,19 | 11,41 |
| IN32M-PS-01 | Media de alumnos por grupo de docencia interactiva | ***10,81*** | **13,03** | 13,39 | 12,68 |
| IN46M-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | ***3,86*** | **nd** | 3,95 | 3,86 |
| IN47M-S01-PM-01 | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | ***3,97*** | **nd** | 4,44 | 4,26 |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O grado de satisfacción dos estudantes (3.95 en Santiago e 3.86 en Lugo sobre 5.00), e do profesorado (4.44 en Santiago e 4.26 en Lugo sobre 5.00) alcanzou niveis axeitados e superiores á media da USC para este tipo de estudos. Do mesmo xeito, obtéñense mellores resultados, tanto individualmente nos dous campus como globalmente no título, en canto ás actas presentadas fóra de prazo, porcentaxe significativamente inferior á media da USC para os títulos de máster.

A valoración asumida é suficiente, porque aínda recoñecendo que a dotación de profesorado e o seu nivel de formación, especialización e dedicación é completamente axeitado para a consecución dos obxectivos do Máster, un ano máis se constanta que o cadro docente reflexa necesariamente as limitacións dos departamentos que o aportan: tanto Organización de Empresas e Comercialización como Economía Financeira e Contabilidade viñeron padecendo un notable exceso de carga docente provocada pola implantación completa dos novos grados e másteres, o que dificultou enormemente o desenvolvemento normal da actividade investigadora.

Por outra banda, as limitacións presupuestarias están impedindo a entrada de novos profesores que puidesen permitir ampliar as prazas ofertadas (desdoblando grupos) e engadir prazas de perfil netamente investigador que puidesen reforzar os aspectos máis débiles do cadro docente.

As medias de alumnos de grupos expositivos e interactivos foron superiores ás medias da universidade. Con todo, débese resaltar que a cifra de alumnos por grupo resulta engañosa (como indica o feito de que a media de alumnos por profesor sexa 2,32, case o dobre da media da USC para este tipo de estudos, situada en 1,19). O real é que en todas as asignaturas hai un só grupo en Santiago e un só grupo en Lugo, que acolle a todos os matriculados (o que supón medias reais de máis de 20 en cada campus, dependendo dos alumnos de intercambio en cada materia). O que ocorre é que a ratio "desconta" todos os alumnos que realizan prácticas en empresa no canto de asignaturas optativas. Isto é o que fai que a ratio baixe e que fluctúe en función do número de prazas de prácticas ofertadas e que, en xeral haxa unha gran diferenza nos alumnos por grupo entre as asignaturas obligatorias e as optativas.

Neste criterio a valoración final é suficiente debido a que se aprecian dificultades para que a universidade reforce as políticas de persoal orientadas ao cumprimento dos indicadores relativos a recursos humanos, así como unha disparidade nos valores obtidos entre os dous campus, o que apunta á necesidade de melloras conducente a un reforzamento do cadro de persoal e un maior nivel de homoxeneidade.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AM12** -Para mellorar os indicadores do criterio Recursos Humanos, promoverase a participación de PDI e de PAS en Programas de Formación e Innovación Docente organizadas pola Universidade.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 7. Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**EVIDENCIAS SGIC:**

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN | USC | MDE | SANTIAGO | LUGO |
|---|---|---|---|---|---|
| IN33M-PS-03 | Grao de satisfacción dos egresados cos servizos | ***3,41*** | **nd** | 3,15 | nd |

**EVIDENCIAS PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Declaracións do Vicedecano de Economía e Infraestructuras da Facultade de CC.EE. e Empresariais e do Vicedecano da Facultade de Administración e Dirección de Empresas sobre os espazos habilitados para os alumnos do Máster.

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

En ambos centros, Santiago e Lugo, existe unha comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas que toma decisións relativas ás necesidades de infraestruturas do centro. Esta comisión está formada por representantes do equipo decanal, profesorado, PAS e alumnado e séguense os procedementos descritos no SGIC do centro.

No curso 2013-14 procedeuse, a facer unha análise e revisión das carencias e necesidades de mellora no ámbito dos recursos e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da docencia adecuadas para a docencia de calidade no ámbito do EEES.

Polas distintas peculiaridades dos centros onde se imparte o titulo, procedemos a facer unha análise individual dos recursos materiais e servizos cos que conta cada centro.

**Santiago**

Continuouse axilizando o funcionamento da comisión de asuntos económicos e infraestruturas, na que participan profesorado, PAS e alumnado, e que decide tendo en consideración os escasos recursos dispoñibles na Facultade o reparto do orzamento e a contratación de determinadas obras ou adquisicións de materiais e recursos.

O procedemento a seguir pasa, en primeiro lugar pola detección de necesidades para, a continuación, establecer unha orde de prioridades; o obxectivo e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento das infraestruturas e servizos que garantan o bo funcionamento do centro.

A web da Facultade dispón dun directorio propio onde se indica o número de despacho do profesor para facilitar o acceso a información o alumnado. Tamén se dispón dun acceso con información dos espazos do centro (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ecoade/descargas/Varios/Espazos_alumnado.pdf), incluíndo os espazos reservados para as asociación estudantís e as salas de estudo (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ecoade/descargas/Varios/Espazos_Facultade.pdf).

Continuáronse realizando accións de mellora e actualización dos contidos da páxina web do centro (infraestruturas, planos da facultade, servizos, TFG, prácticas externas, mobilidade), así como o mantemento actualizado do blog da Facultade con información das actividades.

A Facultade de CC Económicas e Empresariais conta con 123 ordenadores conectados á rede para docencia, o que representa o 6.33 en relación aos estudantes a TC, e con 65 ordenadores conectados á rede para uso dos estudantes e non para uso docente.

**Lugo:**

A Facultade de ADE está ubicada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os recursos materiais cos que conta (http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html).

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de Planos da Facultado onde se pode consultar a ubicación dos despachos dos profesores, das aulas, etc. (http://www.usc.es/gl/centros/empresas/planos.html) e tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado (http://www.usc.es/gl/centros/empresas/servizos.html). Asemade, a Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

Durante o curso académico 2013-2014 a Facultade adquiriu 7 ordenadores para as aulas de informática, dous ordenadores para os PAS da facultade e unha fotocopiadora de uso colectivo para o profesorado, dispoñible para empregar en rede (en substitución de equipos obsoletos).

